

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 28 DE SETEMBRO DE 2017.**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTA:**

Abal Roma, Fátima (P.S.deG.-PSOE)

**CONCELLEIROS:**

Abal Varela, José Ramón (Cambados PODE)

Aragunde Aragunde, Luis (P.P.)

Brea Troncoso, Mónica (P.P.)

Caamaño Rivas, Víctor Manuel (B.N.G.)

Cacabelos Domínguez, María Josefa (B.N.G.)

Charlín Trigo, Xurxo (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados)

Cordal Rodríguez, Constantino (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados).

Gómez Blanco, Juan Ramiro (P.P.)

Iglesias Pombo, Antonio Joaquín (P.P.)

Martínez Piñeiro, Milagros (P.S.deG.-PSOE)

Oubiña Santos, Ana Isabel (P.P.)

Pomares Botana, Eulogio (P.P.)

Pérez Osorio, Miguel (P.S.deG.-PSOE)

Prado Cores, María Teresa (B.N.G.)

Serantes González, Luis Alberto (P.P.)

Varela Piñeiro, María Isabel (P.P.)

**INTERVENTORA:**

Dona Paula Cacabelos Otero

**SECRETARIO XERAL**

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte e unha horas e catro minutos, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa-Presidenta aberta a sesión con arranxo ao seguinte orde do día:

**I PARTE RESOLUTIVA**

**1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN ORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 30 DE MARZO E 28 DE ABRIL DE 2017.**

Acta da sesión ordinaria celebradas o día 30 de marzo de 2017, queda aprobada por unanimidade (17).

Acta da sesión ordinarias celebradas o día 28 de abril de 2017, queda aprobada por unanimidade (17).

Sométese a aprobación a ratificación da inclusión na orde do día aprobándose por unanimidade (17).

## **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCIZO DE 2016.**

Procede o secretario á lectura do ditame que é o seguinte:

***"A Comisión Especial de Contas, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de setembro de 2017, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 do Regulamento orgánico municipal o seguinte ditame que ten carácter preceptivo e non vinculante:***

Aprobación, se procede, da conta xeral do exercizo de 2016.

Intervén o sr. Charlín Trigo mencionando una serie de datos que se extraen da análise da conta xeral, como son que hai un superavit de 609.000,00 euros, un dos máis altos dos últimos exercizos, 78.080,39 euros de remanente de tesourería, 776.000,00 euros en bancos, que se cumpriu coa estabilidade orzamentaria e a regra do gasto, que se reduciu a morosidade e a débeda.

Sometida a proposta da Alcaldía a votación acádase o seguinte resultado

Votos a favor 3 (Srs. Charlín Trigo, Perez Osorio e Caamaño Rivas).

Abstencións 3 (Srs. Aragunde Aragunde, Iglesias Pombo e Serantes González).

En consecuencia queda ditaminada favorable a proposta da Alcaldía nos seguintes termos:

Con data de 27 de xullo de 2017 a Comisión Especial de Contas emitiu informe favorable á aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercizo de 2016.

Con data de 7 de agosto de 2017 publicouse anuncio no BOPP anuncio de exposición pública durante 15 días hábiles e de 23 días hábiles para a presentación de reclamacións, reparos e observacións sen que se se presentase ningún.

Visto artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que establece que rematado o prazo de presentación de reclamación emitirase novo informe á Comisión Especial de Contas.

O pleno Acorda:

Primeiro.- Infomar favorablemente a Conta Xeral do Concello de Cambados correspondente ao exercizo 2016.

Segundo.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2016.

Terceiro.- De conformidade co previsto no artigo 212.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais rendir ao Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada, na forma que establece o apartado terceiro da Resolución do 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da cuenta xeral das entidades locais en soporte informático, que facilite a súa rendición.”.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que o Conta Xeral foi ditaminada favorablemente pola comisión especial de contas exposta ao público durante 15 días e oito máis para que se presentasen reclamacións sen que se presentase ninguna. Posteriormente dá datos que se extraen da Conta Xeral como que se cumpre a regra do gasto e a estabilidade orzamentaria, que a porcentaxe de endebedamente baixou moito e que o remanente de tesourería para gastos xerais así como o resultado orzamentario do exercizo son positivos.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde que o grupo de goberno presenta as contas do exercizo de 2016 por primeira vez, que por primeira vez non se remitiu a liquidación do exercizo de 2016 e que se ven cousas que antes se criticaban como son as gratificacións que antes eran motivo de denuncia e que agora parecen normais, que non comparte a visión optimista do concelleiro de facenda xa que non existe xestión. No ano 2016 deixáronse con crédito moitos gastos de inversión e que el prefire gastar de máis que non gastar, que non ten sentido que non se executen partidas como a de parques infantís, material informático, mantemento e conservación de centros culturais, actividades de ocio e tempo libre ou instalacións deportivas, que as instalacións están mal e non se realizaron gasto en arranxalas co que a xestión é nula, habendo ademáis nestes casos crédito para facer fronte a estes gastos. Ademáis no ano 2016 hai 34 reparos formulados pola intervención municipal, máis que cando eles gobernaban e eses reparos levantounos a Alcaldesa quen lle levou ao xulgado polas horas extras e agora faino peor, por ilo e polos informes de intervención non poden aprobar este documento.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que denunciouno no Xulgado polas horas extras do persoal de confianza non polas horas extras dos operarios ou da policía local.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que lle sorprenden moitas cousas que se están a debater non sabe se por ignorancia. Que no tema da liquidación do orzamento xa se falou co ministerio e que están no portal de transparencia. Que pola falla de interventora buscaron solución e viñeron 2 interventoras, que a xestión e pagar as facturas que estaban no caixón e que no tocante ás inversións do plan concellos inda se poden executar, que actualmente do plan concellos 2016 só quedan pendentes dúas obras e que se van a executar. Dí que o material informático non

inventariable non é gasto de inversión. No tocante aos reparos dí que o anterior goberno tiña 55 e que eles tiveron reparos de correos ou SOGAMA que anteriormente a interventora non as reparaba, no tocante ás horas extraordinarias dí que existen reparos de intervención nos anos 2014 e 2015 de persoal de confianza e que na Festa do Albariño o PP gastou en 4 policía 1.400,00 euros. Remata a dicir que eles chegaron a un concello no que debido á xestión anterior se tivo que elaborar e aprobar un plan de axuste.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que a débeda que tiña o concello era do 34% e moitos concellos da comarca pasaban do 80% (cita exemplos como poio ou sanxenxo), que dos concellos de máis de 10.000 habitantes eran dos menos endebedados. Que deixaron 3.000.000,00 € para a praza de abastos, centro de día ou para a piscina. Eitera as horas extras que se están a abonar con reparos e que eles tiñan persoal de confianza pero non tiñan a 4 concelleiros con retribución polo Concello xa que só tiñan a 2, que agora teñen a máis xente apoiándoos que os que tiñan eles xa que se pon a un persoal administrativo no seu despacho pode chamarlle como queira pero é persoal de confianza. Remata dicindo que no tocante ás retribucións de goberno o actual é o máis caro na historia de Cambados.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que eran 3 as persoas de confianza

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que polo plan de axuste o Concello de Cambados non se pode endebedar, que deixarían 3.000.000,00 € para a praza pero que o trámite administrativo esquecéuselles, que tamén fala o voceiro do PP do Centro de Día pero que se cedeu o terreo para que fora a Xunta de Galicia o que o fixera o o abrise, cousa que non aconteceu. No tocante aos cargos de goberno retribuídos eran 2 liberados e 3 persoas de confianza e que despediron a un.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que que o Sr. Charlín o tema dos dous proxectos ao que dí o redactor non é amigo del, que houbo 2 proxectos e 1 modificou ao outro e só se pagou una vez. Remata dicindo que en período electoral os vecinos apretan máis e teñen demanadas que se son razoables se atenden.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas quen dí que que con respecto á piscina esa cuberta tiña un deseño malo e que aquel proxecto non valía, cita os gastos en calefacción que ten que soportar o concello. Con respecto á Praza de Abastos dí que está en mans de Portos. Remata dicindo que os cargos de confianza que existían tiña ao seu gusto uns soldos baixos pero que non se pode remendar con horas extras e iso foi o que criticaron.

Sometida a proposta a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor 9 (Membros dos grupos municipais do P.S.deG.-PSOE, B.N.G., Somos Cambados e mixto).

Votos en contra 8 (membros do grupo municipal do PP)

En consecuencia queda aprobada conta xeral do exercizo de 2016.

Sométese a aprobación a ratificación da inclusión na orde do día aprobándose por unanimidade (17).

### **3º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CAMBADOS PARA O EXERCIZO DE 2017.**

Procede o secretario á lectura do ditame que é o seguinte:

***"A Comisión Informativa Permanente de Facenda e Patrimonio, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de setembro de 2017, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 do Regulamento orgánico municipal o seguinte ditame que ten carácter preceptivo e non vinculante:***

Aprobación inicial, se procede, do Orzamento Xeral do Concello de Cambados para o exercizo de 2017.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que se trata dun orzamento de 8.968.605,70 € que con respecto ao exercizo anterior se producen as seguintes variacións significativas, no orzamento de ingresos capítulo I redúcese a estimación da recadación do IBI pola rebaixa no tipo de gravame e no capítulo IV se incrementa pola participación no tributos do estado. No orzamento de gastos incrementase o capítulo I gastos de persoal pola suba do 1% que marca a Lei de Orzamentos Xerais do Estado así como pola modificación da RPT, o capítulo II incrementase nun 7,49 % fundamentalmente pola partida orzamentaria de enoturismo e o capítulo IV correspondente ás transferencias correntes incrementase ao crearse unhas aplicación orzamentaria para facer fronte aos gastos do centro de día.

Sometida a proposta da Alcaldía a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor 3 (Srs. Charlín Trigo, Perez Osorio e Caamaño Rivas).

Abstencións 3 (Srs. Aragunde Aragunde, Iglesias Pombo e Serantes González).

En consecuencia queda ditaminada favorable a proposta da Alcaldía nos seguintes termos:

**Asunto:** Aprobación do orzamento Xeral para o exercizo de 2017.

Formado o orzamento xeral do Concello de Cambados para o exercizo de 2017 e informado o mesmo favorablemente por parte da intervención municipal cos anexos e documentación complementaria a que se refire o artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais é polo que se eleva ao pleno a seguinte proposta que require de maioría simple:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Cambados para o exercizo de 2017, que se presenta en situación de equilibrio, así como as bases

de execución do presupuesto e o plantel de personal, segundo o seguinte resumo por capítulos:

O orzamento resumido por Capítulos é o seguinte:

### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2017
		IMPORTE
<b>A)</b>	<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>8.556.175,25 €</b>
<b>A.1</b>	<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>8.543.173,25 €</b>
1	Gastos do Persoal	4.084.485,51 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	4.172.826,55 €
3	Gastos financeiros	7.138,21 €
4	Transferencias correntes	278.722,98 €
5	Fondo de continxencia	0,00 €
<b>A.2</b>	<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>13.002,00 €</b>
6	Investimentos reais	8.000,00 €
7	Transferencias de capital	5.002,00 €
<b>B)</b>	<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>412.430,45 €</b>
8	Activos financeiros	22.000,00 €
9	Pasivos financeiros	390.430,45 €
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>8.968.605,70 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2017
		IMPORTE
<b>A)</b>	<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>8.946.605,70 €</b>
<b>A.1</b>	<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>8.946.605,70 €</b>
1	Impostos directos	2.469.000,00 €
2	Impostos indirectos	120.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.014.097,00 €
4	Transferencias correntes	4.188.176,78 €
5	Ingresos patrimoniais	155.331,92 €
<b>A.2</b>	<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>0,00 €</b>
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencia de capital	0,00 €
<b>B)</b>	<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>22.000,00 €</b>
8	Activos financeiros	22.000,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>8.968.605,70 €</b>

**Segundo.-** Expoñelo ao público mediante anuncio no BOPPO por quince días hábiles para que por parte dos interesados poidan examinalo e presentar reclamaciones ante o pleno, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións.

**Terceiro:** Publicar a aprobación definitiva do orzamento no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, resumido por capítulos así como o plantel de persoal.

**Cuarto:** Remitir copia do Orzamento Xeral á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia.

**Quinto:** Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigos 10.1.b, e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa e 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais)."

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que se trata dun orzamento de 8.968.605,70 €, que aínda que no orzamento figuran 8.000,00 euros en inversión, as inversión ascenderon a 1.667.985,41 euros, pero mque xa foron obxecto de modificacións orzamentarias, principalmente dí que se incrementan as tranferencias correntes, diminúese a recadación do IBI polo rebaixa do tipo de gravame e das bonificacións implantadas, incrementase a recadación do imposto de vehículos de tracción mecánica polas novas altas e que as taxas se estimaron en función aos ingresos

que se teñen recadado. No tocante aos gastos dí que se incrementan os gasos de persoal coa modificación da RPT e pola cidadde europea do viño. Remata dicindo que nos últimos 5 anos se duplicou o gastos en servizos sociais, que estes son uns orzamentos sociais e que se baixaron os tributos na medida en que puido o Concello.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que lle parece ridículo debatir este punto no pleno que ven cun orzamento de 8.000,00 euros para inversións e que levar un orzamento en setembro é un record, que iste documento ven aquí porque é un trámite que ten que pasar, dí que non servizos públicos básicos redúcense en 369.000,00 euros, que as inversións fanse con subvencións doutras administracións cando o concelleiro de facenda dicía que os concellos teñen que ser autosuficientes, que os cargos públicos se duplican co que había anteriormente, que a limpeza que o concelleiro dí que se incrementa en 50.000,00 euros non debe ser suficiente cando cambados nunca estivo máis sucia. Por outra banda dí que o IBI é o máis alto da historia de cambados, que eles tiñano no 0,45% e que só se subiu cando o Estado os obrigou, voluntariamente pois é o máis caro, que seguen a ter reparos polas horas extras, cousa que antes se criticaba, que estades a facer modificacións de crédito cando antes non diciades que era falta de previsión. Que o Concello de Cambados hoxe ten máis retrasos no plan concellos, que foron eles os que pecharon 6 meses o centro de día. Remata dicindo que non se pode traer o orzamento a 28 de setembro e que busquen alternativas para abrir o centro de día, que con eles estaría aberto.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que están a desviarse da orde do día, que que terá que ver a piscina, o IBI ou Esperanza Salnés, asuntos que xa se teñen debatido.

Intervén o Sr. Charlín Trigo que agora o centro pode abrir e poque non o abre a Xunta.

Intervén o Sr. Iglesias Pombo quen dí que o concelleiro de Facenda tampouco está a falar do orzamento ao que a Sra. Alcaldesa lle contesta que está a intervir por alusións.

*Dilixencia:* Para facer constar que a Sra. Alcaldesa chama á orde por dúas veces ao Sr. Iglesias Pombo.

Prosegue o Sr. Charlín Trigo quen dí que Sanxenxo leva esta semana o orzamento e que O Grove ou Vilanova de Arousa gobernados polo PP estiveron anos sen levar os orzamentos pese a ter maioría absoluta. Dñi que o orzamento reduciuse con respecto ao exercizo de 2016 porque incluía as subvencións do Plan Concellos, que lles veñen vecinos que din que Cambados nunca estivo tan limpo nas festas do albariño, que en canto ao IBI cando se puxo o 0,6 %, fora culpa de quen fora, o Sr. Aragunde era o Alcalde de Cambados, que non se pode baixar o IBI se teñen que cumprir cun plan de axuste e que o ano pasado tivo que remitirse una xustificación para baixalo do 0,58% ao 0,53%, que o PP incrementou o gasto en servizos sociais en 65.000,00 euros e eles en 2 anos o incrementaron en 130.000,00 euros. Remata dicindo que para eles Esperanza Salnés é moi importante pero que hai máis asociacións.



Intervén o Sr. Iglesias Pombo dirixíndose á Alcaldesa para que sexa máis equitativa.

Intervén a Sra. Alcaldes dicindo que da quenda por intervención réplica e contraréplica.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que se o concelleiro de facenda dí que teñen 1.100.000,00 euros máis como se incrementa só en 65.000,00 euros as partidas de servizos sociais.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que no ano 2012 o orzamento era de 12.000.000,00 euros e só destinou o PP 170.000,00 euros a servizos sociais ao que resposta o Sr. Aragunde Aragunde que eses orzamentos contemplaban moitas inversión o que disparou o orzamento total.

Sometida a proposta a votación acádase o seguinte resultado

Votos a favor 9 (Membros dos grupos municipais do P.S.deG.-PSOE, B.N.G., Somos Cambados e mixto).

Votos en contra 8 (membros do grupo municipal do PP)

En consecuencia queda aprobada inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambados para o exercizo de 2017 nos termos nos que foi presentado.

Sométese a aprobación a ratificación da inclusión na orde do día aprobándose por unanimidade (17).

#### **4º.- FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2018.**

Procede o secretario á lectura do ditame que é o seguinte:

***"A Comisión Informativa Permanente de Facenda e Patrimonio, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de setembro de 2017, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 do Regulamento orgánico municipal o seguinte ditame que ten carácter preceptivo e non vinculante:***

Fixación dos festivos locais para o ano 2018.

Sométese directamente a votación a proposta da Alcaldía que é aprobada por unanimidade dos membros presentes 6 votos (Srs Charlín Trigo, Perez Osorio, Caamaño Rivas, Aragunde Aragunde, Iglesias Pombo e Serantes González). En consecuencia queda ditaminada favorablemente a proposta da Alcaldía nos seguintes termos:

Recibido o requerimento da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria no que solitan que antes do próximo 15 de outubro se remita notificación na que se determinen os dous días que para todo o termo municipal se fixen como festas locais é polo que propoño á Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio ditamine en sentide favorable a seguinte proposta e eleve ao Pleno o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Fixar como festivos locais para o termo municipal do Concello de Cambados os seguintes días:

11 de xullo  
18 de xullo

**Segundo.-** Que se remita presente acordo á Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria.”

Non se produce debate. Sometida a proposta a votación esta é aprobada por unanimidade (17). En consecuencia quedan fixados como festivos locais do Concello de Cambados para o ano 2018 os día 11 e 18 de xullo.

## **II PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO**

### **5º ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO INSTANDO AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE Á APERTURA INMEDIATA DO TERCEIRO ANDAR DO HOSPITAL DO SALNÉS**

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez quen da lectura ao acordó de goberno que é o seguinte:

“Exposición de motivos:

A Xunta de Persoal da Área Sanitaria do Salnés vén solicitando dende fai meses a reapertura inmediata do terceiro andar do Hospital comarcal ante a saturación de pacientes nas diferentes seccións do mesmo, sobre todo no servizo de urxencias, onde moitos pacientes que ingresan no centro hospitalario permanecen demasiado tempo por estar pechado o terceiro andar. A Xunta de Persoal considera ademais que esta medida debe ir acompañada dun incremento de recursos humanos, pois o peche do terceiro andar supón unha reestruturación e unha saturación do resto dos servizos do Hospital, superándose en máis dunha ocasión os estándares mínimos de calidade esixibles nun centro hospitalario. Por outra banda, non parece razoable que se acometera recentemente unha ampliación do Hospital cun gran investimento público, que incluíu a creación de zonas novas como o terceiro andar e os novos quirófanos, para manter eses espazos sen uso ou para utilizalos como almacéns. O problema non é a demanda, que si existe, senón a carencia de persoal, que impide que as novas instalacións estean operativas. Os servizos e a atención no Hospital do Salnés seguen funcionando correctamente grazas á boa vontade e ao esforzo dos profesionais sanitarios para garantir a calidade asistencial. A cidadanía da Área Sanitaria do Salnés merece, ao igual ca das demais áreas, unha atención digna e de calidade. Polo anteriormente exposto, preséntase o seguinte ACORDO para o seu debate e aprobación en Pleno pola Corporación Municipal:

1. O Concello de Cambados insta ao Servizo Galego de Saúde a abrir de maneira inmediata e permanente o terceiro andar do Hospital do Salnés.
2. Dar traslado deste ACORDO á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.”

Rematada a lectura o Sr. Cordal Rodríguez dí que probablemente o PP lles dea datos do SERGAS, o que quere é explicarlle á cidadanía da nosa comarca que unha ampliación que custou moitos millóns de euros porque non se utiliza xa que pensa que o PP está a antepoñer os custos á saúde.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que consultou o asunto coa Xunta de Galicia e lles dín que ninca se chegou a ocupar máis do 80% das camas, que non hai planta pechada, que non se utiliza porque non hai pacientes, que cando como aconteceu una vez hai máis pacientes ábrese a planta.

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez quen dí que foi o actual Director de área Sanitaria do Salnés o que lle dixo que a terceira planta estaba pechada.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que non comparte a súa visión de desmantelar a sanidade e que agora os pacientes poden elixir hospitais públicos.

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez quen dí que non se reducen as listas de espera e anímase á xente que vaia a hospitais privados.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que por suposto que hai que reducir as listas de espera pero tamén compre ter en conta que en determinadas especialidades non existen médicos en España.

Sometido o acordo de goberno a votación acádase o seguinte resultado

Votos a favor 9 (Membros dos grupos municipais do P.S.deG.-PSOE, B.N.G., Somos Cambados e mixto).

Votos en contra 8 (membros do grupo municipal do PP)

En consecuencia queda aprobado o acordo do grupo de goberno para instar ao Servizo Galego de Saúde á apertura inmediata do terceiro andar do Hospital do Salnés.

## **6º.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS CONTRARIOS AO SEU INFORME, ASÍ COMO DO RESUMO DAS PRINCIPAIS ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS**

O pleno dase por enterado

## **7º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

O pleno dase por enterado

## **8º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Por parte do Sr. Aragunde Aragunde formúlense as seguintes preguntas

1. ¿Limparon e desbrozaron os parques infantís das parroquias?
2. ¿Cando limparán a praza pública da Avda. da Coruña e substituirán os maceteros, que están rotos, dando una imaxe negativa do noso municipio?
3. ¿Instalou o persoal do concello e financiou o pago dos elementos para práctica do deporte na parroquia de Oubiña (na entrada do camino da igrexa)? ¿Conta o concello cos permisos do propietario?

Asimesmo presenta un rogo: Que se solucione o problema creado na rúa Curros Enríquez, motivado coa retirada dos contenedores R.S.U. e se busque una alternativa na mesma rúa.

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vintetrés horas e corenta e un minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº. e Prace  
A ALCALDESA



O SECRETARIO XERAL

